

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE XULLO DE 2018

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 28 de febreiro de 2018.
2. Aprobar o Informe de Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito.
3. Aprobar a actualización do “Anexo 4. Política e obxectivos de calidade do centro” do Manual de Calidade da Facultade de Dereito.
4. Aprobar a actualización do “Anexo 5. Relación de titulacións oficiais do centro” do Manual de Calidade da Facultade de Dereito.
5. Aprobar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2018/2019.
6. Aprobar as guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2018/2019.
7. Aprobar os calendarios das probas de avaliación das materias do Grao en Dereito para o curso académico 2018/2019.
8. Aprobar o temario para a proba de homologación de títulos estranxeiros para o curso académico 2018/2019.
9. En relación co Premio Extraordinario de Grao:
 - a) A designación dos membros do tribunal do Premio Extraordinario de Grao correspondente ao alumnado que remate os seus estudos no curso académico 2017/2018 (Prof.^a Dra. Susana Álvarez González, Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto e Prof.^a Dra. Francisca Fernández Prol).
 - b) Elevar unha consulta á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo respecto á concesión do Premio Extraordinario de Grao para o alumnado do Programa conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito.
10. En relación coa renovación das Comisións delegadas e doutros órganos Colexiados da Facultade:
 - a) Comisión Académica do Mestrado Universitario en Avogacía : Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez en substitución do Prof. Dr. Miguel Ángel Michinel Álvarez.
 - b) Comisión de Calidade: no sector do alumnado do Mestrado universitario en avogacía D. José Luis Sousa Méndez en substitución de D.^a Alba Muñoz González).
 - c) Comisión de Recoñecementos e Validacións: pendente de comunicar ao Decanato o nome da persoa que cubrirá a praza vacante no sector do alumnado.

11. A renovación do representante da Facultade de Dereito na Comisión académica do programa de doutoramento do Campus da Auga (Prof. Dr. Miguel Ángel Michinel Álvarez en substitución do Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado).

12. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:

- a) A ratificación da acta da concesión do Premio Extraordinario.
- b) A aprobación dos Informes de Coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía correspondentes ao curso académico 2017-2018.
- c) A aprobación dos Informes do Plan de Acción Titorial do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía correspondentes ao curso académico 2017-2018.

Ourense, 10 de xullo de 2018



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 9 de xullo de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 10 de xullo de 2018.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.